

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O INICIO DO CURSO ESCOLAR 2026-2027 PARA ALUMNAS/OS DE SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR, EMPADROADOS NO CONCELLO DE VIMIANZO, QUE CURSEN ESTUDOS EN CENTROS PÚBLICOS E QUE PERTENZAN A FAMILIAS DESFAVORECIDAS ECONOMICAMENTE.**

## **1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.**

O obxecto da convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que, polas súas condicións económicas, teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados do inicio do curso escolar nas seguintes etapas e ciclos educativos: segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos (medios e superiores).

Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias vimiancesas para a adquisición de material escolar, material musical, material informático, así como roupa e zapatos ou outro material que dende a comisión avaliadora considere necesario para o alumnado matriculado en centros escolares públicos durante o curso escolar 2026-2027, que cursen os estudos correspondentes ás etapas e ciclos educativos antes mencionados. As familias ás que vai dirixida esta convocatoria son aquelas onde a renda per cápita dos seus membros está por debaixo dos 9.000 € anuais.

Trátase de promover unha política de benestar social que contribúa a paliar as diferenzas sociais así como os riscos de exclusión social co fin de favorecer a integración das nenas e nenos no sistema educativo.

## **2. NATUREZA XURÍDICA**

A axudas que se conceden terán carácter de subvención e rexeranse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

## **3. COMPATIBILIDADE**

Estas axudas serán compatibles coas concedidas por calquera outra administración pública ou privada, para o mesmo fin, sempre e cando o total das axudas concedidas non supere o 100% do custo real do financiado.

## **4. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA TOTAL DA MESMA**

A concesión destas axudas financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 326 48101 (RC nº 220260000004) do orzamento do Concello de Vimianzo para o exercicio 2026, polo importe máximo de 35.000 €.

## **5. BENEFICIARIAS/OS.**

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das alumnas e alumnos que reúnan os seguintes requisitos:

- As nenas e nenos beneficiarios deben estar empadroados no Concello de Vimianzo, con tres meses mínimo de antigüidade á publicación da presente convocatoria.
- As alumnas e os alumnos para os que se solicitan as axudas deben estar cursando estudos nos ciclos educativos e nas etapas seguintes: segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos estando matriculados nun centro público para o curso 2026-2027.
- Non superar os ingresos económicos fixados no baremo destas bases (expresados no punto 8 referido aos criterios de valoración).
- Non ser a persoa solicitante debedora da Administración Tributaria, Seguridade Social ou facenda municipal.

- e) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Vimianzo.
- f) Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As axudas concedidas para o mesmo fin, por outra administración, son compatibles coa que agora concede o Concello de Vimianzo, sempre e cando a contía total das axudas non supere o importe total gastado polo alumnado para este fin.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Vimianzo:

- a) Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en material para o que se concede a subvención, para o inicio do curso 2026-2027. As facturas xustificativas do gasto deben ser posteriores ao 1 de xullo de 2026.
- b) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello en ditas actuacións.
- c) Comunicar ante o concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

De acordo co establecido no artigo 14.1 K da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as/os beneficiarias/os estarán obrigadas/os a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola administración no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

## 6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA.

As solicitudes poderanse presentar xunto coa documentación correspondente:

- Na sede electrónica.
- No rexistro xeral municipal conforme ao modelo facilitado polo concello.
- Por calquera outro medio dos previstos do artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP e ata o **30 de setembro de 2026**, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na web municipal ([www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)). Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificado a/o interesada/o.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (pai, nai, tutor/a, representante legal...), segundo modelo específico para iso. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma diante dos organismos ou entidades correspondentes.

Cada expediente deberá ir acompañado da seguinte documentación:

- 1) DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade no caso de que non autorice a súa consulta.
- 2) Libro de familia.
- 3) En supostos de adopción ou acollemento, documentación que acredite a dita situación.
- 4) Autorización ao concello para obter diante da Axencia Tributaria os datos de nivel de renda. (Anexo IV, engadido na propia solicitude).
- 5) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo correspondente (Xunta de Galicia ou Comunidade Autónoma que corresponda).
- 6) Documento bancario que inclúa o número de conta IBAN. Deberá quedar acreditada a titularidade na dita conta do solicitante.

7) Declaración responsable da percepción ou solicitude doutras axudas para o mesmo fin. (Anexo I, engadido na propia solicitude).

8) Certificación do Centro Público de Ensino, da matrícula da alumna/o no curso escolar 2026/2027.

9) Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser beneficiario/a da axuda. (Anexo I, engadido na propia solicitude).

10) Declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria, Seguridade Social e Facenda Municipal. (Anexo I, engadido na propia solicitude).

As deficiencias e as omisións na solicitude e restante documentación preceptiva deberán emendarse tralo requirimento previo, no prazo de dez días desde a notificación, na que se indicará que se non se fixese, terase por desistido da súa petición, segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A presentación da solicitude leva consigo a aceptación incondicional das bases reguladoras e da convocatoria.

## 7. PUBLICIDADE.

A relación das subvencións concedidas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vimianzo, así como na páxina web oficial do Concello de Vimianzo, <http://www.vimianzo.gal>, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

## 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para proceder á adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo:

Concederase unha axuda por alumna/o cos seguintes importes e atendendo aos tramos de ingresos sinalados a continuación:

- 1) Renda per cápita familiar inferior ao 50% do límite establecido: concesión dunha axuda de 200 € para cada alumna/o beneficiaria/o.
- 2) Renda per cápita familiar superior ou igual ao 50% e menor co 75% do límite establecido: concesión dunha axuda de 130 € para cada alumna/o beneficiaria/o.
- 3) Renda per cápita familiar superior ou igual ao 75% e menor co 100% do límite establecido: concesión dunha axuda de 75 € para cada alumna/o beneficiaria/o.

No suposto de que unha vez efectuada a avaliación das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (35.000 €), estudarase a posibilidade de incrementar o crédito.

### 8.1 Renda per cápita familiar:

Enténdese por renda per cápita familiar a suma da renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Nesta convocatoria terase en conta o último exercicio fiscal para os efectos de determinar a renda per cápita familiar das/os solicitantes.

### 8.2 Determinación da unidade familiar:

A efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor.

Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do alumno/a, sempre que convivan no domicilio familiar, así como as/os irmás/áns menores de idade da/o alumna/o ou os maiores de idade que dependan economicamente dos seus pais ou titores.

A estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenas ou nenos beneficiarias/os o que figura no padrón de habitantes.

## 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES

Corresponderá ao persoal da Área de Benestar Social (órgano instrutor), a instrución dos expedientes, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 da Lei 39/2015), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, e notificado á/o interesada/o.

O persoal técnico realizará, logo da valoración das solicitudes presentadas, un informe proposta que expresará o cumprimento dos requisitos e expresará a relación de solicitantes, alumno/as beneficiarios/as, para as/os que se propón a concesión ou denegación da axudas, causas de denegación, así como o importe da axuda; que presentará á Comisión Avaliadora, que formulará proposta de resolución.

O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local, esta, a proposta do órgano instrutor, e previo informe da Comisión de valoración, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2013, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello, acordará a aprobación ou denegación, previo informe de fiscalización da Intervención municipal.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

O prazo máximo para resolver será de nove meses contados a partir da data de solicitude, agás que sexa necesario requirir datos ás/aos solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015.

O silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

En todo caso, a achega concederáse en función do crédito dispoñible da contía máxima establecida para a convocatoria. Por este motivo, non será suficiente para percibir a prestación con que o/a solicitante reúna os requisitos esixidos, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente.

## 10. COMISIÓN AVALIADORA

A comisión avaliadora estará composta pola alcaldesa, a concelleira de Benestar Social, persoal técnico da área de benestar social e un/unha funcionaria/o que exercerá como secretaria/os, ou persoas nas que deleguen. A dita comisión elevará a proposta de concesión ao órgano competente para resolver a través do órgano instrutor. Na dita comisión avaliadora concretarase de maneira individual o resultado da avaliación realizada para cada beneficiaria/o.

## 11. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días hábiles, contado a partires do día seguinte á publicación das/os beneficiarias/os e das axudas concedidas, naqueles casos nos que non quede debidamente xustificado o gasto no momento da presentación da solicitude.

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación das facturas orixinais ou de fotocopias compulsadas das mesmas por un importe, cando menos, igual ao importe da subvención concedida. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polo persoal técnico da Área de Benestar Social, o pagamento da axuda, tras

a delegación escrita da/o beneficiaria/o, aboaráselle ao establecemento subministrador do material para o que se solicita a axuda.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que, por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe do persoal técnico da Área de Benestar Social, co visto e praxe da concelleira de Benestar Social.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a/o beneficiario/a atenda o requirimento entenderase que desiste do seu pedimento.

No caso de non atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase a/o beneficiaria/o de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social e declarárase a perda do dereito a axuda concedida.

A contía percibida en concepto de axudas para o inicio do curso escolar recollidas nestas bases, estará suxeita, de ser o caso, ás obrigas tributarias que lle resulten de aplicación.

## 12. RÉXIME SANCIONADOR

As/os beneficiarias/os quedarán sometidas/os ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro e demais normativa que resulte de aplicación.

## 13. INCUMPRIMENTOS DAS OBRIGAS POR PARTE DAS/OS BENEFICIARIAS/OS DAS AXUDAS.

Se as/os beneficiarias/os das axudas, non cumprisen coas obrigas establecidas nestas bases, terían que reintegrar a cantidade percibida, ao igual que terían que facer o reintegro da mesma a no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude das axudas e que determinasen que non cumpran os requisitos para ser beneficiarios/as das mesmas.

No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior ao importe da axuda, o importe da mesma será o do gasto xustificado.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

*(documento asinado electrónicamente)*